

Mañá cúmprense dous anos do pasamento do escritor da Terra Chá

ALVARELLOS EDITORA RECUPERA O POEMARIO CATAVENTO DE NEUTRÓS DOMESTICADOS DE MANUEL MARÍA

- É un dos títulos históricos do primeiro catálogo desta editorial, publicado por vez primeira en febreiro de 1979.
- Esta reedición respecta a portada e ilustracións orixinais de Xohán Clodio e incorpora un amplo estudo a cargo de Camilo Gómez Torres.
- Manuel María definiu o poemario como “un intento de facer, con elementos surrealistas, unha poetización desta sociedade de consumo na que vivimos”.

Mañá venres día 8 de setembro cúmprense dous anos do pasamento do escritor da Terra Chá Manuel María. Alvarellos Editora saca á venda a próxima semana o libro *Catavento de neutrós domesticados*, un poemario publicado por vez primeira nesta editorial en febreiro de 1979, que inaugurou o catálogo desta empresa e que agora, case tres décadas despois, compría recuperar.

O propio autor definía así esta obra: “Un intento de facer, con elementos surrealistas, unha poetización desta sociedade de consumo na que vivimos”. O *Catavento de neutrós domesticados* é un libro sorprendente, innovador e anticipador. A obra destila altas doses de inconformismo, retranca, desacougo e caos. Transcorre entre o íntimo e o social. E nela emerxen verdadeiros achádegos semánticos nun altísimo dominio do idioma.



A presente edición mantén a portada orixinal de 1979 coas ilustracións interiores de Xohán Clodio, e complétase cun amplo e documentado estudo por parte do profesor e escritor Camilo Gómez Torres, un profundo coñecedor da obra de Manuel María, a quen cualifica de “autor total”.

Gómez Torres sinala que “o *Catavento*, máis que ningún outro poemario deses anos, é o froito paradigmático dese poetizar a intimidade humana, dese rescatar e redimir dos íntimos recovecos do espírito o vivido e o sentido (...). O home galego, máis vítima que protagonista, é o suxeito poético destas composicións intimistas e, ao tempo, sociais”.



O AUTOR

Manuel María Fernández Teixeiro (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004) foi un dos poetas galegos máis importantes do século XX, autor dunha das obras máis inxentes da nosa literatura (con máis de medio cento de volumes publicados, esencialmente poemas, mais tamén ensaio, narrativa ou teatro). Entre as súas obras destacan: *Muiñeiro de brétemas* (1950), o primeiro poemario dun poeta da nova xeración, co que se inaugura a “Escola da Tebra”; *Morrendo a cada intre* (1952), *Terra Chá* (1954), unha homenaxe á súa terra natal onde a paisaxe é a protagonista; *Libro de pregos* (1962), *Barriga verde* (1968), *Poemas ao outono* (1977), *Catavento de neutrós domesticados* (1979), ou *Compendio de orballos e incertezas* (1991), entre outros.

XXX ANIVERSARIO DE ALVARELLOS EDITORA

A presentación pública do libro terá lugar en Lugo a finais de setembro, acto ao que asistirá a súa viúva, Saleta Goi. Este encontro iniciará así mesmo a celebración dos trinta anos de existencia de Alvarellos Editora, unha empresa que foi fundada en Lugo a comezos de 1977 por Enrique Alvarellos Iglesias (1931-2004).

Reproducimos o primeiro dos poemas do *Catavento de neutrós domesticados*:

1. BERRO POLA LIBERDADE DO HOME

O home, tan grande e pequeniño,
é a clave esencial do universo:
peza senlleira e recambiábel
gracias aos atrancos da Técnica
e ao inastronómico avance da Medicina
á que nunca me canso de chufar,
de dicirlle o meu entusiasmo fervendo
e mostrarlle a miña paixón incandescente
que ningún miolo pode conter
na súa capacidade de pozo namorado.


O home é unha máquina de facer esterco
que vai funcionando de xeito regular,
un trebello un tanto estraño e perfecto
ao que incluso se lle poden poñer,
en caso urxente e necesario,
algunhas pezas usadas de reposto:
ollos, ris, corazón,
sen falar aínda da hibernación futura.

Decídeme, delicados devoradores de lilios,
entusiasmados contempladores de violetas,
sotiles amantes de bolboretas bavecas,

*se isto non é formidábel, alucinante,
unha xigantesca fazaña intelixentísima
máis potente que o lóstrego e o furor atómico,
que o xeito cotián de poñer naves
cruzando as corredoiras do espacio,
tan orfas de fontes, de recantos,
de piornos, feitos, silvas e couselos.*

*Non teño máis remedio –e perdoade
jauh meus descoñocidos semellantes
pasados, presentes e futuros!–
que cantar no Himalaia máis alto
a bandeira da miña fe no home
o que, analizado cientificamente
de xeito individual, pode ser
un lixo mínimo e pintoresco,
explotador e opresor do seu igual
e, ollado no seu conxunto,
é o cerebro do mundo,
o explotador de microcosmos e galaxias,
a luz que ilumina o universo,
o ser que ten o uso e o abuso da palabra,
semente e xermolo da vida
e forza que move canto existe*





Joan Miró
79